

Festival Kanaal Setembro 2012

Un caso de antropoloxía urbana: A barbería dos dous mundos

Introdución


Convidáranme a escribir para este festival e déranme como asignación unha barbería situada no último tramo da rúa Antoine Dansaert, que desemboca como un afluente na Canle de Willebroek, que comunica Bruxelas co mar. Convidáranme, sen máis indicacións que escribir o que se me ocorrese, logo de me converter nun habitual da barbería. Chamareina a “Barbería dos dous mundos”, pois en canto a seleccionei me din de conta que entraba nun mundo para min descoñecido.

Eu non son usuario de barberías nin de perruquerías dende hai unha morea de anos. Sempre tiveron quen me cortara o cabelo na casa. A miña nai cando aínda era un rapaz, unha curmá perruqueira cando era mozo de saír a triunfar polo mundo e xalogo quen me acompaña dende hai 26 anos e que ten experiencia abonda para domesticar cabezas difíciles como a miña é.

A primeira idea que me veu á cabeza diante de semellante encomenda foi a de rexeitar o realismo, o puro costumismo que se detén na descrición da realidade observada, para me internar na ficción, imaxinando que a barbería se situaba non en Bruxelas mais en Ormuz e que eu non era outro que Sinbad o Mariñeiro, aquel que sen ter navegado xamais coñecía todas as historias que do mar se contaban entre o Golfo Pérsico e a Costa Malabar, entre o Mar Vermello e a Illa de Zánzibar; que el aderezaba ao seu gusto. Simplemente por analoxía, procurando a converxencia de imaxes: a) a barbería, lugar tradicional para contar historias; b) Alí, Ibrahim, Mahmoud, chegados de Asia menor; c) A canle que de Bruxelas me levaba ao mar, do que eu sentía agora a brisa e o recendo salino e d) a miña condición de vello mariñeiro, ancorado en terra hai case vinte anos, que ten máis experiencia de historias contadas que de historias vividas.

Material e métodos

Afirmado coa paciencia dun caracol, decidín achegarme coa casa ás costas: unha mochila onde levaba unha cámara e un caderno de peto. A conversa foi o método escollido para o traballo. Chegar e ver, e xa logo, falar cos tres





barbeiros alí presentes, Alí, Mahmoud e Ibrahim. Alí, kurdo de Siria, que habita en Antwerpen; Mahmoud, palestino, que naceu na Xordania e agora vive en Hal e Ibrahim, palestino tamén, nacido nun campo de refuxiados do sur do Líbano e que agora reside en Molenbeek, na outra banda da Canle. Chegados todos tres dos seus países sen terra, sen estatuto de nación, sen outra saída, se cadra, que a violencia verbo dos seus veciños.

Fixen varias visitas, en total catro, de maior ou menor duración, falando alternativamente con eles cando estaban desocupados, é dicir nos escasos momentos que non tiñan clientes sentados nas cadeiras. Iso foi unha constante: o tráfico constante de clientes, de todas as idades e procedencias mais cun predominio de musulmáns, como corresponde á composición da veciñanza. O fluxo foi máis intenso nos días que precederon á fin do Ramadhan, como se os fieis quixeran estar arregladiños para esa festa de tres días que segue á fin do xaxún. [*Eid al-Fitr*]

Nas visitas tomaba fotos (poucas, pois a fotografía non é arte que se me dea ben) e facía moitas preguntas. Tantas fixen que nunha das visitas Mahmoud preguntoume se traballaba para a policía ou si eu era do servizo de inmigración.

Souben así dos seus lugares de orixe e de cando chegaran a Bélxica, das súas quendas de traballo e, por suposto, da súa relixión, pois era evidente, polos petos solidarios que estaban na mesiña onde se amoreaban as revistas para entretemento dos clientes, que recollían cartos para os nenos palestinos, para unha mesquita e para un centro cultural. Souben tamén do seu carácter políglota, pois ademais do árabe (que era a súa lingua común) defendíanse en neerlandés, en francés (a súa segunda lingua de uso cos clientes), e Alí falaba turco e kurdo. Se cadra os outros falaban outras linguas ou dialectos, mais non puideron obter máis información.

Dos clientes puideron conseguir poucos datos, primeiro porque non falaban moito, nin tan sequera entre eles e segundo porque, dalgún xeito, a miña presenza os intimidaba e querían transmitir o mínimo de información, coma se sentisen que algo malo podía vir de contarme algunha historia.

A partir de aí, das conversas e das fotos, de moito escoitar e falar pouco, de remoer as respostas e imaxinar o que non me contaban, fun construíndo unha nube. Si, unha nube de ideas e de datos a partir da que tería que fabricar un texto de ficción. Con eses elementos en man e o coñecemento de que o cerebro funciona mellor e máis rapidamente se un socializa nun ambiente inzado de estímulos que se fica illado da realidade^[1], tiña eu que construír o meu texto.

Discusión dos resultados

Como escritor gusto de realidades complexas, de encrucilladas de camiños que se bifurcan, de retos e de obstáculos. Estaba, pois, feliz. Levaríame días e pasaría un tempo indeterminado sen saber como comezar. Dentro do meu método está o establecemento de indicios concordantes, de resonancias que nacen de lecturas precedentes para intentar pór en evidencia a coherencia que de designa baixo un entramado aparentemente confuso. Poñer orde na desorde, mais partindo sempre da desorde, das referencias múltiples, das chegadas polos sentidos e a través da conversa. Para iso, apliquei o método de escolla aleatoria de lecturas acompañantes e seleccionei dos andeis da miña biblioteca, oito libros que me haberían acompañar no experimento de construción do texto. Abrinos ao chou e procurei de cada un deles un parágrafo. Con eses oito parágrafos en mente (algúns foron utilizados e outros non, mais todos constituían parte das notas de pre-producción) e cos resultados das conversas elaborei o texto que vai ao final a xeito de conclusión.

Un pode acordar camiñando. Aconteceume hai uns días, cando paseaba pola rúa de Antoine Dansaert. Levaba un tempo indeterminado durmindo ou nun estado de semi-vixilia, sen me decatar que, arredor de min, se tecía unha rede social inaudita, da que eu non tiña ou non quería ter coñecemento. Iso débese, se cadra, ao feito de que como tantos homes sedentarios xa non escoito o que acontece ao meu arredor, vou coas orellas pechadas[2], coma se fose un ser insensíbel que mira sen ver, que oe sen escoitar, que ule sen percibir o recendo, que fala para sí máis que para os outros, que perdeu case a sensación do tacto, transformado dese xeito no sentido máis nostálxico.

Encontrábame, pois, seguindo as ensinanzas do poeta sufi Jalāl ad-Dīn Muhammad Balkhī (Persa جلال الدين محمد بلخي), máis coñecido como Rumí, nunha rexión de doce confusión, coa sensación de estar en varios lugares ao mesmo tempo escoitando múltiples sentencias que se acamaban por momentos. Entendía e non entendía nada de nada, pois precisaba pechar os ollos para ver, finalmente, polo ollo da sabedoría. Como dicía a poeta dinamarquesa Louise Rosengreen[3], os xenios son unha minoría da que eu, por descontado, non formo parte nin formarei. Daquela toda esa confusión fundíase no meu interior seguindo unha distribución fractal típica do movemento caótico de fluídos (e que son as ideas senón fluídos). [4] Moitas voces ao unísono, moitas historias contadas a medias en linguas que non entendo en absoluto ou que só percibo a metade; Dificil construír así un ensaio realista. Por iso, se cadra, escollín a estrutura de comunicación científica, tan doada para extraer conclusións a partir dos datos e da discusión sumaria dos mesmos.



O texto: a xeito de conclusión

Velaquí o texto a xeito de glosario e conclusión que destilei das visitas, dos cuestionarios, dos datos e das citas dos libros consultados, todos eles macerados nun matraz de mesturar esencias:

"A barbería dos dous mundos

Desolación: Países sen terra, sen estatuto de seu, sen existencia. Campos de refuxiados: a miseria ética e a porta transparente. Agora o silencio, e daquela unha chama, un fulgor, un outro fulgor que prende sen ter certeza do porqué: *Per avviare verso la verità bisogna sradicarsi, andar via e lontano da casa, strapparsi da ogni legame immediato.*[5]

Éxodo: Encrucillada de camiños. Sen máis demora partir para sentir a frescura da vida renovada. A viaxe como desexo, como frustración tamén, nunha constelación de obxectivos, trazando espirais na area, urdindo unha outra xeometría.

Nostalxia: Indicios, restos do que un foi, da terra prometida, do xardín do Edén. Toda ausencia convoca o reverso dos sentidos. Noite que morre no fio dunha luz que vai brotando. Átomo de tempo no seu estraño fluír: a opacidade do diamante.

Encontro: Acordar camiñando. Ensoñar esperto. Sinbad o mariñeiro, ancorado no peirao, escoitando historias para logo repetilas nas noites de frío de de xeada. Varias linguas faladas ao unísono. Sentencias que se acaman nun milfollas de sensacións, de indicios, de resonancias.

Corolario: A barbería dos dous mundos. Cinco coordenadas do ser no exilio: Mirar sen ver, ouvir sen escoitar, ulir sen percibir o recendo, falar para o interno, recuperar o tacto, o sentido máis nostálxico. Todos eles, Alí, Mahmoud, Ibrahim, seguen o seu trazo constante nun labirinto de luces e de sombras."

Bibliografía de lecturas acompañantes

Anonyme, "Esquive comme le papillon pique comme la guêpe", Éditions Chemins et Ruines, Bruxelles, 2009

Benjamin, Walter, "Ouvres III", Paris, Éditions Gallimard, 2000

Chollet, Mona; "La tyrannie de la réalité", Paris, Éditions Gallimard, 2004

Davy, Marie Madelaine, "Le Désert intérieur", Éditions Albin Michel, Paris, 1983

Lamarre, Melanie; dans "Sur Antoine Volodine et Bernard Lamarche-Vidal", en "Inculte" 16, Magazine littéraire et philosophique, Édition Inculte, Paris, 2008

Rumi, "The essential Rumi", translated by Coleman Barks with John Moyne, Penguin Books, London, 1995

Varios autores, "The European Constitution in verse", Passaporta-International House of Literature-Brussels, 2009

Werber, Bernard: Le libre secret des fourmis (Encyclopédie du savoir Relatif et Absolu), Albin Michel, Paris, 1993

[1] O profesor Rosenzweig, da Universidade de Berkeley, en California estudou esa relación con hámsteres e chegou á conclusión de que os hámsteres solitarios desenvolvían un tecido nervioso máis pobre en conexións e coas neuronas máis pequenas que aqueles que vivían rodeados doutros hámsteres e con gran cantidade de estímulos. Esta reflexión está extraída do capítulo "L'usure du cerveau", do libro de Bernard Werber: Le libre secret des fourmis (Encyclopédie du savoir Relatif et Absolu), Albin Michel, Paris, 1993.

[2] Marie Madeleine Davy, no seu libro Le Désert intérieur (Éditions Albin Michel, Paris, 1983), di : « Mentres os nómades están sempre á escoitar, os sedentarios pechan a orella a todas as voces »

[3] O texto aparece como o artigo 16 da Constitución Europea en verso baixo o epígrafe, respecto á minorías, que forma parte do capítulo dos « Principios ».

[4] As ideas son resultado das conexións nerviosas, e por tanto, froito do tránsito de electricidade entre neuronas que transmiten os impulsos, que precisan á súa vez de minerais como o calcio ou de neurotransmisores como a Dopamina ou a Acetilcolina. Non só circulan dun lado a outro e nesa circulación teñen a súa forza, senón que non teñen propietario absoluto. Quen sabe se antes de que Kant non existiu alguén que pensou –aínda que non o rexistrara- punto por punto o mesmo que el pensou, quen pode certificar que as ideas de Einstein ou de Darwin, de Lavoisier ou de Gauss, non circularon antes noutro lugar do Universo?

[5] Cita atopada nun caderno de peto, da autoría de Claudio Magris